

# **Memoria GBCP**

**Compoñentes: Davila Fernández, Juan L. BCP.001**

**Gestal González, Andrea BCP.002**

**López Morcillo, Miguel BCP.003**

**Melchor Fernández, Edgar BCP.004**

**Rodríguez Alonso, Javier H. BCP.005**

**Vidal García, Olga BCP.006**

## **1.- Análise grupal**

**1.1.- Definir e avaliar as competencias e destrezas conseguidas ao cabo na ferramenta dos distintos grupos da aula (de cada un e de toda a aula).**

Ao longo destes catro meses, aprendemos infinidade de competencias e destrezas. Unhas para ben e outras para mal. En primeiro lugar, melloramos a organizarnos como grupo de traballo en si. Ao principio, foi moi difícil porque o Grupo do Blog Común e Persoal (GBCP) estaba composto por xente que non tivera máis relación que a propiamente académica; non lle ocorreu o mesmo aos Grupos de Traballo, os cales se conformaron por amistades na maioría dos casos. Outro dos factores en contra foi o tempo para repartirnos as tarefas, pois viamos que a materia xa estaba comezada, pero a xente non paraba de preguntarnos unha mancha de dúbidas que nin nós sabiamos responder. Comezamos moi perdidos e eramos conscientes, polo que vostede nos dicía, que os alumnos xa debían comezar a postear e a comentar no blog. Isto permitiunos experimentar este ambiente de presión que soubemos afrontar, cremos, con bastante eficacia. Ademais, para resolver a situación, non nos quedaba outra que quedar algunhas tardes para organizar todo; sendo este “todo”, practicamente, a materia de Comunicación Interpersoal e Comunitaria na súa totalidade. Chegabamos a un punto no que o grupo de WhatsApp xa non servía para comunicarnos, era preciso unha comunicación máis persoal e directa.

A partir da segunda semana, fomos repartíndonos os GT e tratando por individual a cada un deles. O reparto, para un mellor funcionamento da clase, fíxose mirando a relación que había entre cada un dos membros do GBCP e os GT. Isto brindounos experiencias de todas as cores, dende relacións favorables ata fortes discusións. Aprendemos a saber

tratar coa xente en cada unha delas. Outra das destrezas que, por forza, tivemos que aprender foi a de organizar a unha clase enteira para incontables tarefas, entre as cales se atopaban os temidos debates. Neles, atopámonos nos nunha illa, sen ter ningunha indicación previa, nós mesmos fixemos a preparación anterior e a posterior transcripción, na cal tampouco soubemos ben que pasos debiamos seguir. Co gallo destas transcripcións, chegaron moitas protestas de alumnos de clase porque crían ter falado máis do que parecía reflectido no papel. Por último, outro dos “erros” que experimentamos é que a excesiva confianza entre os compoñentes do Grupo do Blog Común e Persoal para cos alumnos facía que non se establecese unha relación de xerarquía, sobre todo, de cara a melloras e correccións dos posts e comentarios. Isto fíxonos poñernos serios e saber diferenciar entre o traballo académico e o “colegueo”.

## **1.2.- Describir e avaliar os usos principais do blog e a mellora posible destes usos. Rendabilidade do blogue na/os alumnas/os.**

- Publicacións e comentarios: o principal obxectivo do blog é mostrar os coñecementos en forma de post e de comentarios, fomentando a interacción entre o alumnado.
- Materiais de referencia: esta ferramenta inclúe material de traballo básico da materia, como son os apuntamentos, e, ademais, as pautas que deben seguir á hora de abordar os posts.
- Biblioteca: na biblioteca podemos atopar material complementario á materia, para axudar á súa comprensión.
- Calendarios: gracias aos calendarios, os alumnos poden organizar os turnos de traballo e publicación.
- Memorias: aquí podemos ler as memorias realizadas polos alumnos e ex-alumnos da materia dende o ano 2011.
- Lecturas e filmes: aquí pódense ver os debates consensuados polos membros das comunidades de lectura e os calendarios.
- Firmas invitadas: nesta ferramenta, os grupos poden subir posts feitos por algunha das súas fontes.
- Canal BCP: serve para ver todo o material multimedia subido ó blog polo grupo do canal BCP.

As melloras necesarias fóronse realizando ao longo do cuadrimestre polo grupo BCP, como melloras no deseño, creación de etiquetas e organización dos materiais de estudo. En canto á rendibilidade do blog por parte dos alumnos, pódese resumir en publicacións e comentarios, búsqueda dos materiais de estudo e calendarios das publicacións e debates.

### **1.3.- Describir e avaliar o deseño do blog operado e as facilidades que aporta á aula e ao desenvolvemento da materia. Detección de problemas e obstáculos a resolver.**

- **Materiais de referencia:** A nosa principal aportación nesta sección foi a inclusión das normas APA para a presentación de traballos escritos. Por outra parte, modificamos o apartado onde se recompilan os nomes dos autores para que, premendo no nome, a páxina se redireccionase a un arquivo con todas as súas entradas.
- **Biblioteca:** Cando comezamos a reconstrución do blog, atopámonos un apartado totalmente desorganizado e caótico, con enlaces caídos e arquivos mal documentados, o que implicou a creación de novos apartados e subapartados.
- **Calendarios:** Despois de realizar o reparto dos grupos de traballo e crear os dous calendarios -tanto o dos comentarios, coma o dos posts-, colocámoslos de maneira clara e accesible nun apartado adicado unicamente a este aspecto, facilitando os poucos erros nas datas de publicación. Ademais, creamos outro calendario no que os alumnos puideron visualizar quen dos membros do GBCP estaría de garda en cada interactiva.
- **Memorias:** Creamos unha categoría principal para as memorias dos cursos pasados e máis do presente, subindo e ordenando todo o do curso anterior, o que permitiu aos grupos de traballo tomar como referencia estas memorias para a realización das súas propias.
- **Deseño xeral e widgets:** Cando tomamos o relevo no blog, atopamos un deseño pouco eficiente e disperso, con excesivos widgets pouco funcionais e ordenados sen un criterio produtivo. Para unha mellor organización, cambiamos o deseño xeral do blog e, tras eliminar tódolos widgets que había, decidimos esta organización:
  - ***Pescuda no blogue:*** Vimos a necesidade de crear un buscador de información

para todos os contidos. Valorándoo como o elemento máis útil e, á vez, máis utilizado, decidimos ubicalo na parte superior esquerda, onde ten máis visibilidade.

- **Canle BCP:** Creamos este widget pola necesidade de vincular os dous blogues e que os usuarios puideran e se visen tentados a acceder a el.
- **Frases para o recordo:** Engadimos este widget tras a idea do profesor de crear un ranking coas mellores aportacións dos comentarios (editorializar).
- **Calendario:** Simplemente facilita a pescuda por día.

#### **1.4.- Describir as tarefas de cada membro do GBCP e o seu cumprimento a partires dos obxectivos marcados na materia. Definir e describir o traballo grupal realizado. Avaliación das relacións co docente.**

Perfil do membro do GBCP en canto ao traballo cos grupos que supervisa:

- Transmitir ao portavoz de cada grupo -o máis rápido posible e de maneira clara- a información que foi e é enviada polo profesor semanalmente, así como avisos para realización de tarefas.
- De xeito inverso, servir de unión entre os alumnos e o profesor para as dúbidas que foron xurdindo.
- Moderar, transcribir e sintetizar os longos debates sobre os textos de obrigada lectura e visualización, así como a preparación previa do mesmo, que supón a escolma das preguntas enviadas polos alumnos. Ademais, controlar a asistencia aos mesmos.
- A realización dos controis semanais, obrigándonos a ler todos e cada un dos post e comentarios.
- Supervisión dos erros de estilo cometidos no blog, incluída a mala colocación dos localizadores e das etiquetas.
- Atopar e difundir os enlaces dos textos e películas de obrigada lectura e visualización, facilitando o acceso para os alumnos.
- Proxección das películas de difícil acceso en horario de tarde non lectivo e no que, ás veces, non asistiu ninguén.
- Facer garda por quendas nas horas interactivas para arranxar dúbidas e

comunicarllas ao profesor.

- Realización dos calendarios para o curso (lecturas recomendadas, datas de posteo, datas para os comentarios e datas para as quendas).
- Facer máis funcional, sinxelo e eficiente o blog na súa totalidade.
- Manexo das redes sociais.
- Aglutinar e ordenar os documentos enviados ao longo do curso para a súa posterior publicación no blog.
- Seleccionar os mellores comentarios e posts en función dos seus contidos.
- Propoñer ideas e melloras aos membros da Canle BCP.
- Axudar na realización dos *making off* da Canle BCP (recursos humanos).
- Crear unha biblioteca a partir da bibliografía dos textos relacionados co xornalismo.
- Recompilación das memorias tanto deste curso coma o do pasado (que non estaba subido).
- Ordenar os localizadores para un correcto funcionamento.
- Actualización do organigrama cos datos deste curso.
- Mellorar, na nosa opinión, a estética do blog.
- Difusión das credencias de acceso ao blog.
- Transmisión de coñecementos cos predecesores dos nosos postos no blog.

#### Avaliación das relacións co docente

Nun primeiro momento, cando se nos preguntou polos nosos coñecementos no manexo de blogs, webs, linguas... non se especificaba en absoluto para que posto nos estabamos ofrecendo. Tamén, no comezo do cuadrimestre, a información sobre como se ía desenvolver o traballo na materia escaseaba e, nalgúns casos, nin existía. Esta dispersión á que estivemos sometidos dificultou e fixo improdutivo gran parte do comezo do traballo. Esta dificultade poderíase ter paliado cunha fixación de obxectivos por parte do docente dende un primeiro momento para así medir, organizar e estruturar o noso traballo en relación á materia.

Nun gran número de ocasións, a ambigüidade coa que se expresaba nos correos -quizais a nosa mala capacidade de comprensión- facía que o traballo se desenvolvese cun gran número de obstáculos e, por conseguinte, de xeito moi lento e ineficiente tendo en conta

as nosas potencialidades. Cremos que eses *mails* deberían ser enviados coa suficiente antelación como para reaccionar con eficacia.

### 1.5.- Externalización do blogue. Visibilidade fóra da aula.

- **Redes sociais.** A máxima promoción do blogue fíxose a través de *Twitter*, onde case diariamente transmitíanse mensaxes e avisos da evolución da asignatura, de melloras no blog, de avisos para a corrección de erros no estilo das entradas, de actividades opcionais ou de recordatorio de datas de interese para a materia, entre outras cousas. Fixemos este traballo coa intención de facilitar a labor dos compoñentes dos grupos de traballo, a pesar de que no curso anterior, o *Twitter* quedou sen uso.

Da mesma maneira, cando collemos o blog, había un perfil en *Facebook* de escasa utilidade. Entón, decidimos eliminalo e comunicarnos a través de *Twitter*, aínda que a maioría da información relevante transmitíase tamén polo grupo de *Facebook* creado por e para os alumnos de segundo de Xornalismo en xeral.

Un aspecto que cómpre resaltar na promoción do blog é a externalización individual por parte da maioría dos autores mediante as nosas propias contas nas redes sociais, creando unha inmensa tea de captación de lectores, que se pode corroborar na sección das estatísticas onde se explica a través de que ferramenta chegaron ao blog.

- **Outras promocións.**
  - ***Dunha forma indirecta***, os grupos de traballo vense na necesidade de explicar os contidos e a utilidade do blog para a materia cando teñen que realizar algunha entrevista para as entradas ou simplemente no primeiro contacto cas comunidades que avalan o proxecto. Deste xeito, conseguimos chegar a un novo público como é: *La Voz de Galicia*, *Cadena Ser*, comunidades científicas, asociacións culturais, *COGAMI*, *Arela*, *UDIPRE*, *Itínera*... Que, por unha cuestión de interese, se ven na necesidade de acceder ao blog, aínda que sexa

para a comprobar o rigor dos contidos.

### **1.6.- Describir e avaliar outras aportacións do grupo GBCP á materia.**

Aparte de todo o xa comentado, estivemos traballando arreo para axudar os alumnos a entender os diferentes conceptos da Comunicación Interpersoal e Comunitaria. Para isto, levamos a cabo diferentes tarefas, entre as que se atopan as seguintes:

- Subliñado de textos (guía da materia, libro de estilo...) para que os GT fixesen fincapé nos aspectos máis importantes.
- Busca na rede das lecturas e películas recomendadas coa fin de elaborar un documento co conxunto de enlaces; e a posterior difusión para o resto na clase (subindo o documento no blog) e enlazándoo a *Twitter*.
- Distribución de todos os alumnos por lecturas e películas recomendadas e por seminarios.
- Confección dos horarios de posts e comentarios, dos debates e das quendas de interactivas dos membros do GBCP.
- Remodelación do *Twitter* da materia para comunicarnos de forma doada e xerar confianza co resto da clase (cambio da icona da materia e da portada).
- Relación dos conceptos sacados dos debates coa materia.
- Fomento das “Firmas invitadas”, coloquios, debates... a través do *Twitter* de Comunicación Interpersoal e Comunitaria e mediante o *Facebook* da clase.
- Propostas de cambios de horarios para o mellor funcionamento do blog.
- Creación dunha biblioteca a través da bibliografía das diferentes lecturas sobre o xornalismo.
- Propostas de cada un de nós aos nosos grupos de posibles avalistas a ter en conta (ao comezo da materia), fontes, “Firmas invitadas”, películas, diversas actividades de visibilización...

## 2.- Aportacións individuais (10 páxinas)

- Gestal González, Andrea

**Grupo: 151.E00**

**Proxecto: Tratamento dos medios ás persoas con problemas psíquicos**

**García Moledo 151.E01**

Cargo dentro do seu grupo: foi a portavoz do grupo, ademais da encargada do blog do Proxecto CIDEDEC

Dende o primeiro día volcouse moito no blogue e no proxecto, preguntando dúbidas para que todo fora correcto no tema do estilo e os elementos a engadir nos propios posts, sen haber conflito en ningún momento, soamente no primeiro post no que tivo unha pequena confusión entre CUAC FM e a Asociación Prometea, ó cal soubo responder e remendar e aprendeu do seu erro.

Ao longo dos 4 posts a súa evolución foi en ascenso (facendo referencia ao punto 2), sempre engadiu enlaces tanto a artigos como a páxinas web de calidade que aportaban información interesante e necesaria. Ademais, vimos unha consecución de obxectivos bastante boa no que se propuña en cada post:

- No primeiro, nos falaba sobre o primeiro contacto coa asociación Itínera e nola presentaba.
- No segundo e trala clase que tiveron do Observatorio de Medios, nos achegaba ás diferentes asociacións coas que estableceran contacto para sacar o maior rendemento ao seu traballo.
- No terceiro desenvolveu unha temática complexa de tratar, pero que ela abarcou con toda a sutileza que requería. Tratou sobre o emprego dos termos de enfermidades mentais por parte dos medios, en realidade unha dos eixos vertebradores do seu traballo.
- No cuarto e último, fixo un repaso sobre os posts anteriores. Facendo un balance xeral, ademais de abrir un debate e reflexión co tratamento dos medios de Andreas Lubitz e a súa enfermidade, aportando links de noticias que saíron sobre iso. Ademais de recordar que seguirán axudando no blogue do proxecto CIDEDEC e anima a que vaian ao IV Curso de Formación de Voluntariado en Salud Mental.

Por outra banda, nas semanas que tivo que comentar, salientou a súa vontade por axudar aos seus compañeiros aportando argumentos e enlaces que lles servisen para ampliar o seu campo de visión.

Na miña opinión e como queda reflexado no balance que acabo de aportar, creo que é unha alumna moi constante, moi implicada no que fai e que non falla á hora de facer a súa labor.



### **Lareu Pereira 151.E02**

Cargo dentro do seu grupo: foi a responsable de contactar coas fontes así como de buscar información de cada unha das asociacións.

Ao comezo estivo bastante perdida e despistada á hora de cumprir as normas de estilo en canto a xustificar os textos se refire, pero no resto estivo acertada.

Nos posts foi evolucionando paulatinamente, dende un primeiro post no que estaba totalmente desubicada e non aportou nada, a un último post no que xa vimos unha evolución, unha documentación e algo máis de ansia polo traballo. Non é que destacase coma outros alumnos, pero manteuse constante sen xerar conflitos.

Os posts foron os seguintes:

- O primeiro post non foi bo. Tivo un toque de atención a través de comunicarme eu coa portavoz do seu grupo (Alba García Moledo) xa que tras avisala non engadiu enlaces nin multimedia.
- No segundo post, a diferenza do realizado había dúas semanas, notouse unha melloría. Explicou os diferentes trastornos mentais para que quedasen claros e puidésemos chamar a cada cousa polo seu nome. Botei en falta algún enlace, pero a información foi completa.
- No terceiro falou sobre FEAFES. Foi un post bo, aínda que algo inconsistente. Falaba da próxima entrevista co Presidente e algúns usuarios e aínda que fixo alusión á historia da federación, botei en falta que se puxese xa algunha entrevista.
- No cuarto e último, falou sobre como tratar nos medios as enfermidades mentais, grazas a unha guía que lles proporcionou unha traballadora do Colexio de Psicólogos de Galicia. Aínda que este tema xa se tratara no grupo, aportou novidades en canto a cómo deberían tratalo os xornalistas e os principios básicos polos que se deberían rexer.

No tocante ás semanas nas que tiña que comentar outros posts en ningunha tivo sancións, pero os comentarios non foron os que máis destacaron; faltoume a esencia, aínda que en algúns aportase enlaces.

Na miña opinión é unha alumna que, en comparación con outros compañeiros, non destaca moito; é constante e fai todo dentro dos prazos establecidos.

### **López Martínez 151.E03**

Cargo dentro do seu grupo: foi a encargada da busca de documentación e a análise dos artigos relacionados coa saúde mental.

Aínda que tivo un post bastante escaso, os outros tres mantivéronse e ela tamén. O único miniconflito que se produciu ao longo do seu traballo foi no último post no que se fala sobre a Asociación Fonte da Virxe que axuda ás persoas con enfermidades mentais tanto para a súa evolución como para a súa inserción no mundo laboral. Ata aquí está moi ben como fonte de documentación, o que pasa é que ao final di “Quiero recordar otros

proyectos parecidos, los cuales hemos descubierto a través de vuestras propuestas en los comentarios y a través de nuestro proceso de documentación, en los que la voz del protagonista es lo principal, como Radio Nikosia o Radio Prometea”. Aquí Radio Prometea contestoulles nun comentario (entre outras cousas): “A algunos en Radio Prometea nos ha chocado un poco lo de “otros proyectos parecidos” refiriendose a Radio Nikosia y a nosotros respecto a Fonte da Virxe. No creemos que haya mucha relación entre la forma y el fondo de estas dos radios con instituciones asociativas como Fonte da Virxe o casi ninguna que forme parte de FEAFES.”. Non creo que fora algo mal intencionado por parte da alumna, pero xurdiu a controversia.

Ao longo dos 4 posts a súa evolución mantívose sen mellorar considerablemente xa que as súas aportacións estaban en boa liña, sempre engadiu enlaces sendo de maior ou menor interese.

Agora falarei dos posts que fixo con algún apunte se é preciso:

- No primeiro, e como leva o tema da documentación do seu grupo, achegounos ás actividades que realiza a asociación dunha forma amena.
- No segundo é o post que comentaba antes no que non estivo de todo atinada. Aínda que nos fala da Guía de Comunicación Captura de pantalla para Entidades de Acción Voluntaria, podería ter falado máis sobre ela.
- No terceiro fixo un traballo de investigación sobre o rato que se da nos medios ás enfermidades de saúde mental, tratándoo con moita sutileza.
- No cuarto e último, é ao que me referín antes no que se deu a pequena polémica.

Nas semanas que lle tocou comentar, nunha delas tivo unha sanción. Só escribira 2, en vez de 3 (porque segundo me comentou xa eran as 00.03 e xa non o subiu aínda que o tiña escrito), pero cumpriu a sanción de escribir 4 a próxima vez que lle tocase. Nos seus comentarios vemos como se implica, facendo incluso alusións a posts pasados ou doutros compañeiros.

Na miña opinión, pese a ese despiste do comentario, creo que se implicou moito na súa labor. Como en todo, podería ter sido mellor, pero creo que aproveitou ben as ferramentas que tiña dentro do posible.

### **Maceira Crespo 151.E04**

Cargo dentro do seu grupo: foi a encargada de archivar a documentación para a realización dos posts, así como de busca información que lle podería valer ao grupo.

A súa evolución mellorou no transcurso do tempo, con respecto ao estilo foi sempre correcta, engadindo enlaces nos posts, uns de maior interese ca outros.

Mentres os dous primeiros posts foron algo frouxos, nos dous últimos viuse o avance e comezou a marcar cara unha tendencia positiva que seguiría a incrementarse se tivesen que seguir escribindo.

O que vimos ao longo dos seus posts:

- No primeiro, puidemos ver como falaba da "Radio La Colifata" pero dunha maneira moi teórica e escueta, sen engadir ningunha entrevista que nos dese unha visión persoal da propia radio e da súa experiencia. Aínda así aportou bos recursos (vídeos, links).
- No segundo, como comentei tamén algo frouxo, pero no que aportou algo diferente. Unha historia en forma de cómic sobre a enfermidade mental dos nenos (que lles cedeu unha das asociacións coas que están en contacto).
- No terceiro comezou a evolución máis notoria. Explicounos os diferentes programas cos que conta a asociación Itínera, cunha boa presentación de contidos e con imaxes representativas dalgúns deles.
- No cuarto e último, tratou como afecta nos nenos a enfermidade mental dun familiar, exemplificado cun conto "*El papá de Mía está raro*", no que se conta que os nenos poden levar a mesma vida que os outros nenos e que, a enfermidade do seu familiar, pode ser pasaxeira. Está ben a idea de aludir a este sector da poboación, para tocar o tema dunha maneira distinta que tal vez non se vexa a miúdo nos medios de comunicación.

Por outra banda, nas semanas que tivo que comentar, esmerouse nos comentarios, chamando incluso á reflexión dos seus compañeiros.

Na miña opinión, foi un exemplo claro de progresión e evolución ao longo do cuatrimestre. Dende uns comezos bastante negativos ata un balance final moi positivo.

### **Mañas Gallidoro 151.E05**

Cargo dentro do seu grupo: foi a coordinadora e a responsable de guiar o traballo de todas as integrantes, ademais de dividir as súas tarefas.

Dende o primeiro post vimos como o tema das enfermidades mentais lle tocaba de cerca, no entorno familiar e, tal vez, vimos como defendeu con unllas e dentes a este colectivo. Puxo enlaces en todos os posts, algúns bastante menos relevante que outros.

Ao longo dos 4 posts houbo unha evolución, excepto no terceiro no que decaeu bastante e que explicarei xunto co resto de posts:

- No primeiro, falou desde a súa experiencia sobre a historia de seu pai, que sofre trastorno bipolar dunha forma moi elaborada.
- O segundo foi un video de presentación co seu pai, Carlos Mañas. Para que mentir, púxome os pelos de punta. Creo que deberíamos aprender moito del. Tal vez deixouse levar e non se deu conta de que se ía algo do camiño o tema, pero creo que é de valorar de tódolos xeitos.
- No terceiro falounos dun curso de formación en saúde mental con cantera na USC no que a asociación coa que están colaborando (Itínera) e Solidarios Anónimos van da man. Aínda así, vin que era algo interesante, pero tal vez faltoume máis ou outro tipo de información. Xa que me pareceu unha información complementaria.

- No cuarto e último, falounos do encontro con Carlos Álvarez, psicólogo clínico do Colexio de Psicólogos de Santiago de Compostela. O cal lles falou dos temas tratados na clase, de que non se poden por etiquetas ao lado das enfermidades e dos individuos, xa que non afectan por igual a todos.

Por outra banda, nas semanas que tivo que comentar, houbo bastantes oscilacións, entre semanas moi boas e outras con comentarios moi pobres, aínda que sempre aportou links aos seus compañeiros.

Na miña opinión foi unha alumna que se implicou, tal vez como dixen antes porque coñecía máis sobre o tema e porque lle toca de cerca. Creo que podería achegarnos moita información interesante se seguisen os posts.

### **Grupo: 151.C00**

#### **Proxecto: Discapacidade (representación de persoas con minusvalía nos medios)**

##### **Bartolomé Figueiras 151.C01**

Cargo dentro do seu grupo: foi o encargado de buscar as fontes.

O caso deste alumno foi algo particular, foi moi oscilante á hora de cumprir os obxectivos marcados. Con respecto ao estilo, exceptuando a primeira semana que estaban algo descolocados e non xustificou o texto, pero correxiuno ao momento de comunicarllo; non houbo problemas neste senso.

Os posts foron en declive (facendo referencia ao punto 2) dende o primeiro que foi medianamente bo ata o terceiro, sendo no cuarto onde solventou esa tendencia negativa que viña dándose dende o segundo post. Isto debeuse, en grande parte, segundo me comentaron eles mesmos aos problemas que tiveron na metade coa súa asociación. Pola parte institucional ninguén lles daba respostas, polo que tiveron que virar a moeda para atopar esa segunda vía de COGAMI que contiña o lado humano da asociación, das empresas que a formaban. En canto aos enlaces, puxo no primeiro post e no último, coincidindo co declive e a falta de respostas por parte da asociación. Aínda así, penso que podería ter metido algunha entrevista nesas semanas de escuridade e falta de información.

Os posts foron os seguintes:

- No primeiro, nos falou sobre a asociación COGAMI dunha maneira interactiva e sinxela de entender.
- No segundo e tralas dificultades que foron xurdindo coa asociación, falounos sobre os problemas para acceder e facer o bo traballo que eles querían. Contou os problemas que tiveron con diversas fontes (como coa CIG).
- No terceiro non aportou nada de interese. Falou sobre a dificultade de acceder ás informacións, moi parecido á liña do anterior. Creo que se debeu a que nestas semanas foi onde tocaron fondo, debido ás dificultades coa asociación.
- No cuarto e último, todo mellorou. Entrevistou a Juan Antonio Ledesma, presidente

da Comisión Medios e Imaxe do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) para coñecer de primeira man a representación das persoas con discapacidade nos medios, aportando moi boas respostas e artellando moi ben o post. Ademais de introducir a publicidade e a representación deste colectivo na mesma, e deixando variedade de links tanto de estudos como de spots publicitarios.

Por outra banda, nas semanas que tivo que comentar, foi onde se produciu a máxima tensión co alumno e para que quede máis claro, o reflexarei por datas de publicación:

- 23-27 de febreiro: Nesta data non publicou e impúxoselle unha sanción de comentar o dobre de comentarios (6) para a seguinte ocasión.
- 9-13 de marzo: Non cumpriu a sanción, comentou soamente 3 dos 6 da sanción imposta. Caéronlle 9 para a seguinte vez que tivese que comentar.
- 23-27 de marzo: Cumpriu a sanción sobradamente con 11 comentarios, aínda que algúns notábase que eran por cumprir.
- 13-17 de abril: Aquí comentou os 3, pero no grupo de administrador non me saían 2 dos 3. Faleino con el e co profesor e todo quedou solucionado.

Na miña opinión é un alumno bastante despistado e deixado. Aínda así, hai que dicir ao seu favor que si que traballa, aínda que eses despistes poidan pasarlle factura.

### **Giráldez Rodríguez 151.C02**

Cargo dentro do seu grupo: foi a que buscou a documentación sobre COGAMI xunto a outra compañeira.

Ao comezo, coma moitos, tivo problemas en canto ao estilo (corrección de textos xustificadas que foron corrixidos no momento, localizadores que non se puñan debidamente) e as dúbidas que lle ían xurdindo as ía preguntando. En todos os posts, excepto nun no que explicaba a situación que estaba a atravesar o grupo, aportou enlaces e vídeos de interese.

Ao igual que o seu compañeiro Juan Bartolomé, notouse esa baixada no nivel dos posts. Un primeiro post no que nos achegaba á primeira xuntanza coa asociación ata a crise existencial do segundo e terceiro posts nos que estaban estancados e non vían unha solución.

Sobre isto trataron os 4 posts da alumna:

- No primeiro, falou sobre a primeira xuntanza que tiveron con COGAMI.
- No segundo falounos dos percances que estaban a ter coa organización e a súa próxima visita a Silleda, unha sede da asociación onde se fan actividades e se trata cos usuarios.
- No terceiro falou sobre a normalización nos medios da discapacidade. Aínda que

incluíu incluso citas de Montserrat Balas, nótase o estancamento xeralizado, aínda que dende aí descubriron novos camiños.

- No cuarto e último, reproduciu unha conversa que tivo a propia alumna cunha usuaria invidente de COGAMI sobre o desafortunado e último anuncio da ONCE. Nela observamos o que ela pensa e como o transmite. Ademais, a alumna fai un balance sobre o seu papel no grupo.

Por outra banda, nas semanas que tivo que comentar, aínda que non aportou cantidade de enlaces, vese unha defensa clara da súa postura fronte o tema que comenta, con boas argumentacións. Tivo unha sanción, pero foi eliminada polo profesor tras coñecer os motivos de non poder comentar.

Na miña opinión e como queda reflexado no balance, é unha alumna constante que aínda que tivo eses problemas coa asociación tentou solventalo.

### **Iglesias Caamaño 151.C03**

Cargo dentro do seu grupo: foi a persoa que encargou de buscar a documentación sobre os problemas de COGAMI.

Dende o primeiro día foi unha rapaza bastante estable, aínda que todos os posts non fosen todos perfectos, non se notou moito a baixada que tiveron debido á falta de respostas por parte da organización. Ademais, engadiu sempre moi bos enlaces e recursos.

Ao longo dos 4 posts mantívose nunha boa liña (facendo referencia ao punto 2), sempre engadiu enlaces tanto a artigos como a páxinas web de calidade que aportaban información interesante e necesaria.

Agora veremos o que tratou en cada posts e algúns apuntes sobre os mesmos:

- No primeiro, aínda estaban algo perdidos e faltáballes algo de profundidade nos temas a tratar. Pese a ter contido e falar sobre a comunicación interna e a web de COGAMI, faltoulle explicar diversos aspectos sobre os mesmos.
- No segundo, xa vimos un achegamento. Falounos sobre a entrevista que tivera co responsable do Área de Accesibilidade de Cogami, Manuel Ángel de Lario Alquézar.
- No terceiro volveu insistir sobre os medios de comunicación en relación á discapacidade. De que maneira se empregan os medios para a súa integración.
- No cuarto e último, falou sobre a excursión que fixeran ao Centro de Recursos de Medelo e nos contou as sensacións e experiencias que alí viviron. Foi un bo traballo, pero non un dos seus mellores posts. Ademais, fixo referencia a esa dobre cara de COGAMI que todos os do grupo nalgún momento mencionaron.

Por outra banda, nas semanas que tivo que comentar, foi mellorando a medida que

pasaba o tempo e se familiarizaba cos temas que trataban os seus compañeiros. Destaca a súa chamada á reflexión nalgún deles e aportación de enlaces de calidade.

Na miña opinión é unha rapaza que aínda que pareza que pasa desapercibida é moi traballadora e implicada. Sempre se preocupou por mellorar e preguntar cando non entendía algo.

### **López Álvarez 151.C04**

Cargo dentro do seu grupo: foi a portavoz do grupo

Dende o primeiro día a súa función de portavoz cumpríuna á perfección, preguntando dúbidas se era necesario para ter todo baixo control. No tema do estilo nunca tivo problemas e, aínda que non sempre engadiu enlaces nos seus posts, non sempre fixeron falta xa que aportaba outros elementos multimedia e fontes de primeira man.

Ao longo dos 4 posts a súa evolución foi en ascenso, dende o primeiro no que estaba máis perdida, remontou, e fixo bos posts. A continuación, explicarei cada post con algunha valoración se é preciso:

- O primeiro foi un post correcto, pero sen moita profundidade. Nel nos contaba as diferentes maneiras de nomear a unha persoa con discapacidade, como respetalos e diferentes pautas.
- No segundo post nos contou os avances que levaban, a visita que farían a Silleda e nos mostrou un vídeo no que se vía o que facían na sede de Silleda, ata non podelo contar en primeira persoa.
- No terceiro, observamos como as portas se lles comezaban abrir pouco a pouco dentro de Cogami, pero por parte dos traballadores. Reflexou nel a manifestación moi ben documentada, incluso con citas dos manifestantes e fotografías do que alí pasou.
- No cuarto e último, quixo deixar claro que ao longo do seu traballo describiron as dúas caras da moeda, as dúas caras de COGAMI. Por un lado o COGAMI empresa e por outro as empresas, a maioría independentes, que o forman.

Por outra banda, nas semanas que tivo que comentar, vimos tamén un progreso. A partir do toque da atención que lles demos, os seus comentarios enriquecéronse moito, creando interacción e aportando recursos aos seus compañeiros.

Na miña opinión, é unha alumna que captou moi ben os consellos e toques de atención, sabendo responder a eles e dando dende aí o cen por cento.

### **Lorenzo Sobral 151.C05**

Cargo dentro do seu grupo: foi a encargada, xunto a outra compañeira, de buscar información sobre COGAMI.

Esta alumna mantívose e foi constante desde o primeiro día, preguntaba dúbidas por

estar segura e preocupouse por saber que facer en cada momento. Aínda que non puxo moitos links ao longo dos posts, fixo posts realmente bos con outro tipo de multimedia.

Ao longo dos 4 posts a súa evolución foi en ascenso, como veremos a continuación:

- O primeiro foi o máis escaso, aínda así tocou o tema máis álxido, o dos despidos de COGAMI.
- No segundo entrevistou a Aurora, unha das afectadas de REGAKI que levaba uns meses sen cobrar. Aquí comezamos a ver a cara humana, o outro lado da moeda.
- No terceiro contounos de primeira man a visita que fixeron a Silleda, onde puideron falar cos usuarios e lles contaron a súa experiencia.
- No cuarto e último, fixo un percorrido ao longo da andanza do seu grupo con COGAMI. É un post que resume toda a súa evolución, dende o comezo cando tiveron problemas ata que descubriron tras moita documentación que COGAMI tiña problemas. Chegando ao final a darlle a volta á moeda e descubrir o lado máis humano da asociación. Bo post de conclusión e remate.

Por outra banda, nas semanas que tivo que comentar, salientou o seu traballo constante, sendo sempre bos comentarios, aportando información e boas críticas e argumentos aos seus compañeiros.

Na miña opinión e como queda reflexado no balance que acabo de aportar, creo que é de destacar a súa labor, a súa forma constante e implicada de traballar e estar sempre atenta a todo e dar o cen por cento dela.

## 2.2.- Melloras do seguemento no blogue. Propostas. (min. 2 páxinas das 10)

Para comezar, gustárame apuntar que creo que a organización dos horarios e clases, está un pouco mal plantexada. Para dicir isto, baséome en que creo que se perden moitas clases, coma un mes, ao comezo do curso en elixir as asociacións, perdendo horas que serían útiles de teoría para os conseguintes debates.

Creo que deberían collerse as horas dos seminarios das primeiras semanas para organizar o das asociacións, ou que, xa que non hai nas dúas primeiras semanas horas prácticas, que se concerten titorías por grupos para poder avanzar sen repercutir nas clases teóricas.

Se se aproveitasen as horas teóricas das dúas primeiras semanas para explicar o temario, creo que os debates serían moito máis proveitosos e rentables, xa que os alumnos saberían de que se fala e non soltarían nas análises e nos propios debates teorías da comunicación ao chou e sen entender moi ben aínda de que vai a materia e nos conceptos clave que en ela se tratan.

Neses debates, tamén penso que deberían adecuarse, os textos e as películas, ás temáticas e necesidades de cada grupo, do que poidan tirar e aproveitar logo para desenvolver nos seus posts e defender con mellores argumentos os temas que están a tratar.



Nestas titorías para elixir as asociacións, creo que terían máis tempo para preguntar dúbidas e aclarar, de modo individual cada grupo, por qué elixen esa asociación e non outra e que outras opcións teñen se a primeira lles falla. Ademais, creo que non se deberían aprobar asociacións das que se saiba que non van a cooperar nin funcionar no que a materia require. Só cun aval non chega, deberían estar unha semana en contacto coa asociación, buscando fontes, sabendo que lles vai servir e que non os van deixar colgados ou impedíndolles que progresen no seu traballo.

Tras a escolla da asociación e do visto bo por parte do profesor, creo que deberían quedar claros os roles de cada membro do equipo dende un primeiro momento, tanto dos grupos de traballo como do GBCP, para poder encamiñarse cada un desde o primeiro momento a desenvolver o máximo posible a súa función. Isto aforraría que moitos dos posts tratasen sobre a mesma temática e fosen na mesma liña, porque documentación hai moita se se sabe empregar ben. Estes grupos creo que deberían levar dende o comezo unha rutina de conferencias, charlas, mesas redondas, etc., que enriquecesen o seu traballo e que non o fixesen ás presas, cara ao final, e que non se enteren a maioría de alumnos, como na charla que houbo de Radio Prometea, á cal asistiu moi pouca xente e foi moi interesante. Facer o das firmas convidadas nas derradeiras semanas, xa non beneficia ao alumnado.

As actividades voluntarias creo que deberían plantexarse dende o comezo, para que a xente as poida ir facendo ao longo do cuatrimestre. Estásese a ocorrer, por exemplo, unha lista de películas e textos que teñan relación ca materia e, como con "Page one", poidan falar das principais temáticas relacionadas cos principios da materia, e así poder subir a súa nota, e ocupar esas horas de visionados con debates sobre temas de actualidade ao que poidamos aplicar os conceptos vistos na clase.

Con respecto ao GBCP, creo que debería dárselles un marxe mínimo de actuación. Os balances dos venres deberían poder entregarse ao longo da fin de semana, para que poidan ter vida os venres, no sentido de ter un pequeno respiro despois de que acabe a semana e creo que favorecería o seu rendemento. Ademais, creo que se lles deberían dar unhas pautas á hora de facer os debates, xa que por moito que haxa que seguir uns puntos, remitíndome ao que dixen antes, tanto os propios membros do GBCP coma os alumnos non sabían de que trataba a materia antes dos debates, por moito que os lesen pola súa conta e sacasen as súas conclusións, creo que é unha materia que require certas aclaracións antes de poñerse a falar dela e aplicar os seus conceptos. Ademais, penso que os seminarios aos que tiñan que ir os membros do GBCP por se ía algún grupo, deberían suprimirse ou concertarse citas previas dos grupos para que acudir á facultade non sexa en vano e se poida aproveitar ese tempo para outras cousas.

En canto ás faltas de asistencia, na miña opinión non deberían ser tan estrictas. Podería valer que cada X faltas haxa algún tipo de sanción, pero unha falta ou dúas poden permitirse a calqueira, xa sexa porque estea enfermo e non vaia ao médico porque se trate dunha gripe ou porque lle xurdise algún asunto persoal. Sei que hai un abano bastante amplo de tipos de xustificación de faltas, pero creo que hai tamén que darlle un voto de confianza aos alumnos.

Con respecto ao blogue e, aínda que se remarcou ata á saciedade na clase, debería haber unha técnica ou estrutura que se pendurase nalgún lado, para que a xente comprenda dende un primeiro momento que en todo post teñen que ir elementos multimedia para crear unha interacción cos seus compañeiros e que queden máis clarificados os contidos. Aínda que non creo que sexa sempre imprescindible, porque ás

veces unha imaxe di máis que un enlace ou unha boa entrevista di máis que calquera elemento multimedia. Ademais, creo que se deberían clarificar as pautas do blogue dende o comezo, os calendarios e a estrutura que van seguir as publicacións e turnos de comentarios, para que non chegue a primeira semana e non se enteren de se teñen ou non que publicar ou se lles toca o luns ou o venres.

As datas de publicación e de comentarios non deberían ser tan estrictas, deberían darse dous días para que publicasen e comentasen dando así unha marxe para que fagan mellores aportacións e non fagan todo ás presas, porque hai máis materias e ocupacións por parte do alumnado.

En mi opinión, si al principio se comenzara explicando todo paso por paso, resolviendo todas las dudas, no habría tanta confusión al empezar, y se hubieran prevenido muchos errores. Yo lo explicaría así: "En esta asignatura se realizan trabajos a lo largo del cuatrimestre, todas las semanas e incluso todos los días. El trabajo sería el siguiente: se forman grupos de 4-5 personas y un grupo de 6 personas que serán los coordinadores. Esos grupos tendrán que conseguir ser avalados por una asociación que trabaje dentro de los siguientes temas (...) y tendrán que trabajar con ellos para comprender cómo trabajan y entender cómo se intentan solucionar esos problemas de comunicación en el tema correspondiente. A través de entrevistas, de investigación y de trabajo con las asociaciones, deberán conseguir información cada semana y publicar en un blog lo que van aprendiendo. En ese blog deberá publicar cada integrante del grupo en semanas alternas, publicando 3 comentarios en otros post de compañeros las semanas que no

publica post". Con explicar eso y poco más, se solventarían muchas dudas sobre cómo va a ser el funcionamiento de la asignatura y su ritmo de trabajo. Sé que fui muy obvia con esta propuesta, pero es algo que realmente veo necesario, porque a las dos semanas, cuando estaban colgados los calendarios de post y casi les tocaba empezar, muchos ni siquiera entendían el calendario, o no sabían cosas tan básicas como que les toca publicar cada dos semanas. Estas cosas las arreglaríamos el grupo BCP, pero también comenzamos la asignatura estando bastante desinformados (algunos de mis compañeros menos que yo, eso si).

Considero muy sencillo solucionar el problema de confusión que tuvimos al comenzar el cuatrimestre, ya que se soluciona con una simple explicación de cómo se va a trabajar, para comprender que es más simple de lo que puede parecer al principio. Tratándose de un trabajo tan constante e inmediato, es importante que se entienda todo lo que se debe hacer cuanto antes mejor. Es algo generalista, seguramente, porque hay gente que lo comprendió todo muy deprisa, pero en mi caso me costó adaptarme a la asignatura por simple falta de información, no porque fueran complicadas las funciones.

Otro aspecto donde noté desinformación fue en los debates de las lecturas. Por falta de información, cometí el error de redactar un resumen generalizado de la primera lectura, teniendo luego que corregir pidiendo ayuda a los asistentes para nombrar quién había dicho cada aspecto.

En cuanto a los emails, en vez de mandar tantos (y muchas veces con poco margen para trabajar), mejor sería que se explicaran esas tareas en clase, ya que surgen muchas dudas y no se solucionan por correo.

Por otro lado, teniendo en cuenta que hay que asistir a todas las clases de forma obligatoria, no veo adecuado tener que hacer horas extras también obligatorias, como fue en el caso de los visionados y los debates.

Para terminar, a la hora de trabajar, uno de los mayores inconvenientes que tuve fue el enviar el control semanal todos los viernes antes de las 12 (de hecho envié dos o tres fuera de plazo). Teniendo en cuenta que pueden estar subiendo comentarios hasta las 10, tener dos horas de margen para redactarlo y enviarlo lo veo escaso, y más tratándose del fin de semana (donde algunos realizamos actividades extraescolares). En mi caso, más de una vez dejé el control prácticamente terminado a falta de publicar la última personas, y al final enviarlo fuera de plazo por un despiste, teniendo prácticamente todo hecho. En mi opinión, sería mucho más cómodo para el grupo BCP, si permitieras que se enviaran los controles hasta el sábado a las 14 horas, por ejemplo.

- **Melchor Fernández, Edgar**

## 2.1.

**Grupo de Trabajo 152.G00 → Proyecto: Expectativas do xornalismo (procura de sectores máis necesitados de comunicación)**

Compoñentes: Míguez Torres, Laura 152.G01; Novo Olivera, Patricia 152.G02; Pérez Mosquera, Andrea 152.G03; Pérez Presedo, Andrea 152.G04; Pérez Rodríguez, Cristina 152.G05.

### **Míguez Torres, Laura 152.G01:**

POSTS: Comezou tendo problemas no seu primeiro post, pois non o subiu a tempo por cuestións que ela xa lle dixo a vostede por privado. Non se lle puxo ningunha sanción por ser o post de inicio. Non puxo enlaces e tampouco aportou material para o canal BCP. En canto ao contido, ningún problema, completo dabondo. No seu segundo post, volveu ter problemas de estilo: 1. non xustificou o seu texto, 2. non adxuntou ningunha imaxe. Desta vez, si fixo caso e se mostrou moi receptiva á hora de correxir estes erros a tempo. Ademais, neste post xa comezou a pór enlaces de interese e incluíu material proveitoso para o BCP. Co paso do tempo, parecía que ía pulindo os seus pequenos problemas, e o seu terceiro post xa estaba case perfecto: con enlaces, imaxe referida ao tema, ben de extensión e con contido interesante; faltoulle aportación ao BCP. Na súa última achega, coidou algúns aspectos, pero outros non: puxo *links*, pero non xustificou o texto, de novo. Porén, si correxiu sen poñer problemas este erro. Como resumo global, dicir que apenas relacionou os apuntamentos da materia co seu proxecto.

COMENTARIOS: Comecei a ter os primeiros problemas nos seus primeiros comentarios. Non se identificou neles e, a pesar de que a avisei por privado vía WhastApp, non fixo caso e non os correxiu. Polo demais, todo correcto, cheos de contido e con enlaces. Na súa seguinte semana de comentarios, non volveu caer na mesma pedra e se identificou correctamente. Porén, desta vez, non puxo enlaces que servisen para enriquecer a materia. Fixo o mesmo na súa terceira semana de comentarios. A cuarta e última semana foi un caos, pois se esqueceu de publicar. Púxenlle como sanción facer o dobre de comentarios para o día seguinte, e asumiu a tarefa sen problema ningún, eses seis comentarios contiñan enlaces e estaban moi ben. Houbo consistencia nas liñas de publicación con outros grupos. O erro máis notable foi a carencia de conceptos da materia empregados nos seus escritos. Non contestou a ningún dos comentarios feitos polos seus compañeiros; polo tanto, non demostrou unha boa interlocución nin tampouco externalidade.

### **Novo Olivera, Patricia 152.G02:**

POSTS: Empezou ben a materia, cun post con contido, con enlaces e cun só erro de estilo (non xustificou o texto, correxiuno sen poñer trabas). Non aportou material ao canal BCP desta vez. No seu segundo post cometeu un diferente erro de estilo: non se identificou en maiúsculas (correxiuno de inmediato). Non incluíu enlaces desta vez; porén, si subiu contido para o BCP. O seu terceiro post non tivo ningún erro de estilo, pero, pola contra, non levou ningún enlace nin material audiovisual. O seu último post estivo moi ben, seguiu o libro de estilo á perfección e, a pesar da carencia de material para o BCP, si puxo *links* de interese. Non relacionou os conceptos da materia co seu proxecto en ningún momento.

COMENTARIOS: Os seus tres primeiros comentarios non tiveron erros de estilo; porén,

non puxo neles ningún enlace a outras publicacións e, o que é máis grave, eran moi curtos e faltos de información relevante para a mellora dos proxectos comentados. Na segunda tandada de comentarios, notouse unha gran mellora: puxo enlaces e incrementou a calidade das súas aportacións. Na súa seguinte semana, tivo un erro de estilo: non se identificou en ningún dos tres comentarios, e non o correxiu cando se lle dixo. Como nota positiva, dicir que volveu a incluír enlaces de importancia e encheu de contido os seus textos. Acabou a aportación ao blog de maneira desastrosa: non fixo ningún comentario no día sinalado, pero é que tampouco cumpriu a sanción de publicar, para o día seguinte, o dobre de comentarios. Aviseina por WhatsApp, pero nin caso. Como resumo: Patricia non incluíu nada da materia de Comunicación Interpersoal e Comunitaria nos seus escritos, tampouco contestou os comentarios, polo que non levou a cabo unha boa interlocución nin unha boa externalidade. Si que mantivo a consistencia das liñas de publicación con outros grupos.

### **Pérez Mosquera, Andrea 152.G03:**

POSTS: Comezou posteando cun primeiro erro de estilo, pois non xustificou o seu texto (correxiuno sen problema); foi un post con contido, con enlaces e sen material para o canal BCP. A segunda semana non tivo ningún erro de estilo, pero non subiu enlaces a outras publicacións nin aportou ningún audiovisual ao BCP. O terceiro post foi semellante ao segundo, porén, si meteu enlaces interesante para a mellora dos proxectos nos cales comentou. O seu último post foi o mellor de todos: sen erros de estilo, con contido, con enlaces e, para máis, con aporte ao canal BCP. Foi unha mágoa que non metera os conceptos da materia nos seus posts.

COMENTARIOS: Os seus tres primeiros comentarios non tiveron ningún problema de estilo, tampouco incluíron enlaces; porén, estaban ben de contido. A segunda, a terceira e a cuarta semana fixo uns comentarios moi bos: ben de contido, con enlaces e sen problemas de estilo. Mellorou moito en cada tandada de comentarios e sempre se mantivo atenta a correccións e suxestións de calquera índole. Ademais, comentou nos grupos cos cales acordara nun principio. Replicou todos os comentarios que lle ían facendo os membros doutros grupos de traballo, polo que si que cumpriu cunha boa externalidade e interlocución. O erro máis notable foi non ter empregado a materia de clase nos seus comentarios.

### **Pérez Presedo, Andrea 152.G04:**

POSTS: No seu primeiro post non tivo ningún problema en relación ao estilo. Non meteu ningún enlace nin material ao canal BCP. Porén, si botou man de infografías para mellorar a comprensión do seu traballo. No segundo post, tampouco tivo problemas de estilo e seguiu sen proporcionar enlaces a outras publicacións; porén, comezou a aportar material ao BCP. Os dous seguintes post foron semellantes ao anterior, pero non subiu material audiovisual. Todos eles estaban cheos de contidos interesantes e variados. Avanzou moi ben a medida que pasou o tempo. Se algo malo se pode dicir, sería a escasa relación entre os contidos da materia e os seus posts.

COMENTARIOS: Non tivo ningún problema de estilo en ningún dos comentarios. Foron

uns textos moi traballados e documentados. Con moito contido, todos eles con enlaces e cunha perfecta interlocución e externalidade (pois contestou a todos os comentarios que lle fixeron); ademais, seguiu a consistencia das liñas de publicación con outros grupos. O único negativo a dicir é que empregou moi poucos conceptos da Comunicación Interpersoal e Comunitaria nos seus textos.

### **Pérez Rodríguez, Cristina 152.G05:**

POSTS: O seu primeiro post foi un dos máis completos de todos: non tivo erros de estilo, contidos moi claros e traballados, meteu enlaces a outras publicacións e subiu material ao canal BCP. Aínda por riba, fixo infografías para explicar mellor o seu post. Os seguintes posts foron unha réplica do primeiro, coa única excepción de que ningún deles tiña material audiovisual. Podería ter empregado máis a materia da Comunicación Interpersoal e Comunitaria.

COMENTARIOS: Absolutamente todos os comentarios de Cristina estaban moi ben: sen problemas de estilo, con moito contido, moi documentados e sempre con enlaces de interese para a mellora dos proxectos comentados. Mantivo unha boa consistencia das liñas de publicación, e sempre contestando o que lle puñan os seus compañeiros, polo que cumpriu de maneira sobresaliente a interlocución e a externalidade. Ao igual que case todos, o único no que coxeou un pouco foi na escasa relación entre os conceptos falados nas clases e os seus comentarios.

### **Grupo de Traballo 152.C00 → Proxecto: Medios comunitarios (Radios: Cuac FM e Radio Filispim)**

Compoñentes: Pérez Marquina, Cristina 152.C01; Rodríguez Soto, Esther 152.C02; Santiago Arjones, Paula 152.C03; Silva Troyón, Yohana 152.C04; Viéitez Otero, Sara 152.C05.

### **Pérez Marquina, Cristina 152.C01:**

POSTS: Cristina foi a primeira persoa en postear. O seu texto non contiña erros de estilo, estaba moi completo, con moito contido de interese e xa cunha aportación ao canal BCP (fixo un *Moovly*); porén, non meteu enlaces a outras publicacións. No seu segundo post, ademais de todo o anterior, tamén incluiu *links*. Entre o material audiovisual atopábase un mapa interactivo moi traballado indicando por onde se espallaban as radios comunitarias no territorio español. O terceiro e o cuarto post foron semellantes ao segundo en canto ás formas: sen ningún problema co libro de estilo, contido variado e de peso, enlaces e aportación BCP. É máis, a súa derradeira aportación ao blog ía acompañada de tres *Moovly* moi elaborados para a mellor comprensión do traballo. Cristina non deu ningún problema, todo o contrario. A única pedra, por pequena que fose, estivo no pouco emprego dos conceptos dados na clase en relación aos seus posts.

COMENTARIOS: Todos os seus comentarios estiveron case perfectos, pois lles faltou

relacionar mellor a materia de Comunicación Interpersoal e Comunitaria co contido. Porén, fixo un traballo excepcional e que foi a máis. Os seus comentarios nunca tiveron un só erro de estilo, sempre incluíron enlaces e sempre estiveron cheos de datos interesantes para a mellora dos proxectos nos cales deixaba a súa pegada. Sempre se preocupou de contestar a todos os comentarios; sobresaliente, polo tanto, na interlocución e na externalidade, así como unha boa consistencia nas liñas de publicación.

### **Rodríguez Soto, Esther 152.C02:**

POSTS: O seu primeiro post soamente tivo un pequeno erro de estilo ao poñer en minúsculas os seus apelidos e nome (correxíuno sen problema). Polo demais, perfecto: con contido moi ben documentado, con enlaces dabondo a outras publicacións e mesmo con aporte ao canal BCP (*PowToon*). O mesmo lle ocorreu no seu segundo post, desta vez o erro de estilo foi non xustificar o texto (non se opuxo a correxilo); o resto do post incluíu tamén bo contido, enlaces e mesmo material audiovisual. O terceiro post foi semellante ao anterior, pero volveu caer na mesma pedra e, ademais, atopouse con outra: de novo, non xustificou o texto e, para máis, non se identificou nel (correxido a tempo). Outra vez non se deu conta de xustificar no seu último post, o cal non levou *links*, pero sí un *Timeline* no que se explicaba a historia do festival “Conspirando por unha radio libre”. Esther progresou moito nos seus temas e avanzou moito no que se refire a contido e relación coas fontes. O seu traballo tería sido moito máis rico se botase man de máis material de clase para plasmalo nos seus escritos.

COMENTARIOS: Absolutamente todos os seus comentarios seguiron unha perfecta liña: sen ningún problema de estilo, todos ben documentados, traballados e con enlaces a publicacións de interese. Sempre contestou os comentarios que outros compañeiros lle facían. Así, cumpriu coa consistencia de publicacións e cunha sobresaliente interlocución e externalidade. Tamén nos comentarios podía ter empregado máis conceptos da materia e relacionalos co seu proxecto.

### **Santiago Arjones, Paula 152.C03:**

POSTS: O seu post de apertura estivo perfecto: sen problemas de estilo, cun contido moi traballado, con enlaces a outras publicacións de interese e mesmo cunha aportación ao canal BCP. O seu segundo post foi unha réplica do primeiro, avanzando no contido, pero sen material audiovisual. No seu terceiro post non adxuntou ningunha imaxe; porén, si un vídeo. O demais, igual. O seu derradeiro post trouxo o primeiro erro de estilo: non se identificou (correxíuno sen problema ningún); nel incluíu enlaces, material para o BCP e estivo cheo de contido moi elaborado. Foi unha mágoa que non empregase máis os conceptos dados nas clases de CIC para poder relacionalos co seu proxecto.

COMENTARIOS: Na primeira tandada de comentarios tivo un problema: non subiu a tempo 1 dos 3 comentarios porque lle daba “erro” (necesitaba confirmación); pero ela si que os fixera e subira na hora indicada. Non foi a máis o problema. Ademais disto, non se identificou en 1 dos 3 textos (correxíuno sen poñer trabas). Polo demais, foron



comentarios moi elaborados, con enlaces a outras publicación de interese e con moitas reflexións. Na segunda, terceira e cuarta semana xa non tivo problemas e fixo uns comentarios iguais de bos que os da primeira tandada. De novo, seríalle moi útil ter empregado máis material teórico estudado nas clases para enriquecer os seus comentarios. Fóra diso, cumpriu con excelencia a interlocución e a externalidade, pois sempre contestou a comentarios, e seguiu a liña de publicacións con outros grupos.

#### **Silva Troyón, Yohana 152.C04:**

POSTS: Comezou tendo algúns problemas de estilo no seu primeiro post: non xustificou o texto e non puxo en maiúsculas os seus apelidos e nome (ambos erros correxiunos sen poñer excusas). Este post contivo enlaces a outras publicacións e estivo cheo de contido traballado; porén, non meteu material para o canal BCP. No seu segundo post subsanou os primeiros problemas de estilo, continuou subindo enlaces interesantes e seguiu sen aportar material audiovisual. No seu terceiro post, volveu cometer un erro de estilo ao non adxuntar ningunha imaxe relacionada co seu proxecto. Polo demais, igual que nos anteriores post: enlaces, contido avanzado e ausencia de material para o BCP. A última semana subiu un texto sen erros de estilo, con contido relevante, con *links*, pero tampouco adxuntou ningún vídeo. Tras isto, podemos dicir que Yohana avanzou de forma sobresaliente en canto ao contido dende a súa primeira participación ata a última. Foi unha pena que non empregase máis a fondo os conceptos tratados nos documentos que fomos estudando ao longo do curso.

COMENTARIOS: A boa interlocución e a externalidade estiveron patentes en todos os comentarios de Yohana (sempre se preocupou de replicar o que outros GT lle dicían no blog), así como a súa consistencia nas liñas de publicación. Os seus comentarios, todos, estiveron perfectos: nunca contiveron erros de estilo, sempre con enlaces, cheos de contido moi relevante e elaborados. Se algo malo se pode dicir, sería a ausencia de conceptos da Comunicación Interpersoal e Comunitaria nos seus escritos.

#### **Viéitez Otero, Sara 152.C05:**

POSTS: O seu primeiro post foi un dos mellores de todos: seguindo á perfección o libro de estilo, con *links* a outras publicacións, con contido moi elaborado e documentado e, para máis, cunha aportación ao canal BCP. O seu segundo post foi igual de bo que o primeiro, coa única excepción dun erro de estilo: puxo os seus apelidos e nome en minúsculas (correxiuno de inmediato cando se lle dixo). O seu terceiro post foi outro mundo, pois perdeu moito con respecto aos dous anteriores; este, xa para comezar, estaba sen xustificar, e, a pesar de que si incluiu material para o canal BCP, non subiu enlaces de interese. O cuarto post, por desgraza, contaxiouse do terceiro e non dos dous primeiros, pois, a pesar de que non ter ningún erro de estilo, faltoulle tanto os enlaces a outras informacións como algún material para o BCP. Outro dos erros constantes de Sara foi que, a pesar de que o contido dos escritos evolucionaba a mellor, non empregou a materia dada nas clases para enriquecelos.

COMENTARIOS: Sara fixo uns comentarios moi bos en todos os sentidos, tanto no contido como na forma. Dende o primeiro ata o último, nunca tivo problemas de estilo,

sempre subiu enlaces a outras publicacións de interese e, en todo momento, encheunos de datos relevantes para a mellora dos proxectos nos cales comentaba. Ademais, sempre contestou a todos os comentarios feitos polo resto da clase. Polo tanto, claro está que Sara aprobou con nota a interlocución e a externalidade. Mantivo sempre unha perfecta consistencia nas liñas de publicación. Terían sido perfectos se metese máis conceptos da Comunicación Interpersoal e Comunitaria en relación coas radios comunitarias.

### **Grupo de Traballo 152.B00 → Proxecto: Observatorio de medios (eleccións municipais Santiago)**

Compoñentes: Martín Reboredo, Marcos 152.B01; Melchor Fernández, Borja 152.B02; Mera Diz, Cristina 152.B03; Riveiro Cousillas, Jose 152.B04; Valverde Cabaleiro, David 152.B05.

#### **Martín Reboredo, Marcos 152.B01:**

POSTS: O seu primeiro post estivo practicamente perfecto; tería sido perfecto se xustificase o texto (erro de estilo que correxiu de inmediato e sen opoñerse). Nel incluíu contidos moi interesantes, explicando o proxecto do seu grupo, así como enlaces e mesmo unha aportación ao canal BCP. Todos os seus seguintes posts foron moi traballados e seguiron unha mesma liña: sen ningún erro de estilo, sempre con enlaces, ningún material audiovisual (debido a que esta tarefa lle tocaba a outra persoa do GT 152.B00, a Cristina Mera) e, o que é máis importante, con contido que foi en evolución. Sería inxusto non dicir que Marcos Martín, xunto con Borja Melchor e David Valverde (estes dous últimos máis), foron os únicos alumnos de todos os que eu controlo que empregaron a materia de Comunicación Interpersoal e Comunitaria nos seus escritos, relacionándoa co seu proxecto.

COMENTARIOS: Na súa primeira tandada de comentarios, soamente tivo un pequeno erro de estilo: puxo os seus apelidos e nome en minúsculas (correxiu isto sen poñer trabas). Polo demais, foron uns comentarios moi ben documentados, con enlaces e relacionados co seu propio proxecto. A partir destes, as seguintes semanas fixo uns comentarios perfectos: con información relevante, con enlaces a outras publicacións de interese para o grupo no cal comentaba e, o que é de destacar de novo, empregando os oportunos conceptos que foron aparecendo nos apuntes e lecturas deste curso. Xa que logo: boa interlocución e externalidade, así como consistencia das liñas de publicación con aquel grupo co que acordara comentar, pois sempre replicou o que o resto de compañeiros lle escribían no blog.

#### **Melchor Fernández, Borja 152.B02:**

POSTS: Os posts de Borja estiveron perfectos, sinceramente. Dende o primeiro día, notouse que foi dos poucos que leu o libro de estilo, e, así, nunca cometeu un erro neste eido. Todos as súas entradas seguiron unha mesma liña ascendente: sempre con enlaces; contidos moi documentados, traballados e en progresión cos temas; e ningunha

aportación ao BCP (agás no seu último post, que sí incluíu un vídeo). Teño que dicir que Borja, David Valverde e Marcos Martín foron as únicas persoas que empregaron e souberon empregar a teoría das lecturas e do temario aplicada aos seus proxectos e aos dos demais. Como nota, puntualizar que Borja foi o encargado da gravación e edición de vídeos do GT 152.B00.

COMENTARIOS: Para empezar, foi pioneiro en poñer os enlaces incrustados ás palabras. Absolutamente todos os seus comentarios están moi ben: nunca cometeu un erro de estilo, sempre comentarios documentados e contextualizados cos conceptos da Comunicación Interpersoal e Comunitaria, sempre con enlaces a outras publicacións de interese e, en todo momento, relacionou o seu proxecto cos posts comentados. Dicir tamén que contestou a todos os comentarios que lle fixeron outros compañeiros. Así, Borja aprobou con boa nota a interlocución e a externalidade, así como a consistencia das liñas de publicación con aquel grupo co cal acordou comentar.

### **Mera Diz, Cristina 152.B03:**

POSTS: O seu primeiro post contivo un erro de estilo: texto non xustificado (correxíuno sen problema). Foi unha entrada moi completa: contido moi traballado e documentado, enlaces a outras publicacións de interese e mesmo un vídeo para o canal BCP. Os seus tres seguintes posts tamén foron bastante bos: todos con *links*, con contido interesante, con aportacións ao canal BCP e sen erros de estilo (agás no último [sen xustificar]; correxido sen problemas). *En xeral*, Cristina mellorou moito co paso do tempo e fixo evolucionar de forma excepcional a parte que lle tocaba do seu proxecto (contacto coas fontes). Porén, o seu traballo tería sido perfecto se incluíse máis conceptos estudados nas clases de Comunicación Interpersoal e Comunitaria.

COMENTARIOS: Os primeiros comentarios de Cristina Mera entraron fóra de tempo no blog porque tivo un problema, pois non era capaz de entrar. Porén, solucionouse sen ir máis aló. Ademais disto, non se identificou ben e 1 dos 3 comentarios. En canto ao contido, foron comentarios ben elaborados e traballados, porén, non levaron consigo ningún enlace a información de interese. Na segunda semana de comentarios non cometeu ningún erro de estilo e xa comezou a incluír *links*. En canto ao contido, igual que na primeira semana. Na terceira rolda de publicacións, a pesar de continuar redactando ben e metendo datos de interese, volveu caer na mesma pedra cometendo un erro de estilo: non se identificou en 1 dos 3 comentarios (correxíuno sen poñer trabas). A cuarta semana de comentarios foi a mellor de todas, notouse unha progresión importante en todos os aspectos: meteu enlaces e traballou nos textos. Polo xeral, relacionou os comentarios co seu propio proxecto. Cristina nunca respondeu os comentarios que recibía doutros GT e nunca botou man nos seus escritos dos conceptos dados na clase. Así, poderíamos dicir que a súa interlocución e externalidade non foron aceptables. Si mantivo a consistencia das liñas de publicación co grupo co que estableceu nós ao comezo do curso.

### **Riveiro Cousillas, Jose 152.B04:**

POSTS: O primeiro post de Jose Riveiro foi algo caótico, pois se detectou un conflito: entrevistou a Miguel Anxo Bastos Boubeta, profesor da Facultade de Ciencias da

Comunicación da USC; e non se podía contactar con fontes da propia universidade. Como sanción, impúxoselle a publicación de dúas entradas na seguinte semana que lle tocase postear. Cumpriu á perfección a sanción publicando un primeiro post sen erros de estilo, con enlaces, ben de contido, documentado e sen aportación ao canal BCP; e un segundo post semellante ao primeiro en canto á forma, pero, no cal incluíu material audiovisual. O terceiro e cuarto post (ou cuarto e quinto) seguiron a mesma liña que os dous anteriores: sen erros de estilo, con *links* a publicacións de interese, traballados, documentados e sen achegas ao canal BCP. O seu traballo tería sido moito máis completo se tivese usado os conceptos da Comunicación Interpersoal e Comunitaria estudados ao longo do curso.

**COMENTARIOS:** Os comentarios de Jose sempre levaron enlaces e nunca tiveron erros de estilo. O seu maior problema sempre foi a escasa calidade dos mesmos. Na terceira semana, aviseino diso dicindo o seguinte: “Traballa máis os comentarios (enlaces, contido, relacións coa materia...) para poder: a) mellorar a calidade e a valoración da túa actividade e, tamén, do teu grupo de traballo; b) o resto da xente da clase poida contestarche e interactuar contigo”. Pouco ou ningunha mellora se lle notou na derradeira semana de comentarios. Ademais, nunca empregou os conceptos das lecturas e dos apuntes nos seus escritos; así como nunca contestou os comentarios que os demais compañeiros lle facían. Por isto, a súa interlocución e a súa externalidade non poden ser valoradas de xeito positivo, todo o contrario. Polo menos, mantivo a consistencia das liñas de publicación comentando naqueles posts do grupo asignado a principio de curso.

### **Valverde Cabaleiro, David 152.B05:**

**POSTS:** O primeiro post de David foi exemplar: sen problemas co libro de estilo, con *links* a outras publicacións con informacións relevantes para a mellora do proxecto, cun contido moi rico e traballado, e mesmo cunha aportación ao canal BCP. Os seus tres seguintes posts se encamiñaron na mesma liña, o único que diferiu foi que en ningún deles aportou material audiovisual para o canal BCP. David sempre botou man dos conceptos da materia para relacionalos co seu proxecto. Tamén dicir que os temas que foi tratando David sempre evolucionaban, non se quedaban estancados.

**COMENTARIOS:** A totalidade dos seus comentarios están moi ben, perfectos: nunca tivo erros de estilo; sempre proporcionou enlaces a outras publicacións de interese; comentarios contextualizados e documentados, con contidos interesantes e relacionados co seu propio proxecto; e, o que é máis salientable, en todas as súas aportacións empregou os conceptos da Comunicación Interpersoal e Comunitaria que demos en clase, a través das lecturas e por medio da teoría. Xa que logo, David aprobou con sobresaliente a interlocución e a externalidade, pois sempre contestou os comentarios que lle poñían os compañeiros; e que dicir da consistencia das liñas de publicación, a cal mantivo á perfección.

## **2.2.**

O seguemento das tarefas do blog poderíase mellorar en diferentes aspectos. Para

comezar, o sistema dos codificadores paréceme un sistema demasiado argallante e complicado de controlar; mellor idea sería que cada un dos alumnos puxese sempre os seus apelidos e nome tanto na firma da entrada coma en etiquetas. Así, nós poderíamos procurar máis rápido os posts para poder botarlles un ollo. De feito, este ano, tiven que poñer unha barra de “busca” no blog para poder atopar as diferentes entradas, senón era imposible, xa que moita xente non se etiquetaba.

Todo isto debería dicirse xa ao comezo de curso, non como este ano no que cada semana recibiamos noticias novas sobre a forma de identificarse (por exemplo, coas etiquetas). Soamente deste xeito podería comezar a funcionar o blog xa nas primeiras semanas.

Outro dos temas a mellorar é a forma de comentar. Este ano, cada un dos alumnos tiñan unhas credenciais dadas por vostede. Así, cada vez que unha persoa deixaba a súa opinión, quedaba ahí ancorada para sempre, non lle chegaba unha notificación de que alguén lle replicou. Isto é un erro a ter en conta se se quere manter á perfección unha boa externalidade e interlocución. Como solucionalo? Pois entrando cada un coas súas contas de correo electrónico e marcando a casa “Notificarme os novos comentarios por correo electrónico”.

Ademais, un novo problema co que me atopei foi á hora de realizar as memorias; non pola miña parte, senón pola dos meus grupos. Eles non poden buscar os comentarios de maneira doada á hora de recompilalos. Isto poderíase solventar se de cara ao final de curso se lles pasasen as credenciais de administradores, pois nós si temos acceso a toda a parrilla de comentarios que vai facendo a xente. Aferrarían moito tempo.

Tamén sufrín complicacións para “correxir” os comentarios dos venres. Paréceme inxusto que os do Grupo de Blog Común e Persoal (GBCP) teñamos que estar esperando ata os últimos minutos antes das doce da noite para enviarche os controis semanais. Por isto, propoño que para o ano, a hora límite para postear sexa ás 22:00 (como xa viña sendo no presente curso) e a de comentar, atención, ás 23:30, polo menos para que nós poidamos ter algo de marxe.

Despois, está claro que hai que mellorar outros aspectos. En primeiro lugar, sería necesario empezar a editorializar xa dende a primeira semana de posts e comentarios. Para iso, vostede tería que dicirlllo claramente aos alumnos do GBCP, os cales comezamos o curso algo perdidos e xa nos estamos encontrando. Isto motivará aos alumnos a redactar entradas e comentarios de maior calidade, co obxectivo de que algunhas das súas frases sexan o suficientemente boas como para poder seleccionalas e metelas no recuncho “Frases para o recordo”. Pero non quero que a cousa se quede ahí, pois, se desexamos que haxa unha comunicación de verdade, deberíamos darlle a oportunidade de participar á clase. De que xeito? Sinxelo: nós escollemos unhas seis frases, e a xente vota a que máis lle guste; logo, nós subiremos as dúas máis votadas. En segundo lugar, todos deberíamos subir as entradas cun mesmo corpo e tamaño de letra; xa sabemos que non se pode copiar e pegar Arial 16 dende o Word, pero unha solución sería a de redactar directamente todos na plantilla de Wordpress (tendo tino para que non se caia a páxina co risco de perder todo o escrito). Isto paréceme moi importante para darlle maior seriedade ao blog; non queda nada ben que cada un faga a guerra pola súa conta neste eido. E, en terceiro lugar, deberíamos darlle máis

dinamismo ao blog para que a xente o visite non soamente o día que lle toca traballar nel. Como? Pois facendo concursos de “Foto da semana”, “Vídeo da semana”, ao estilo do apartado “Frases para o recordo”. Isto é doado de facer. Así, poderíamos facer un seguimento do traballo e esforzo dos grupos máis aló do que supón mirar soamente os seus posts e comentarios.

Algo que, ben seguro, enriquecería a materia de Comunicación Interpersoal e Comunitaria sería potenciar videoencontros cos autores das lecturas recomendadas e filmes. Terían sido moito máis proveitosas as nosas lecturas e visionado das películas se puidésemos debater o que nelas se di cos seus artífices ou mesmo con persoas entendidas do tema en cuestión. Os debates son interesantes, si; pero, non se chega a unha postura final clara, ben pola dificultade para comprender os textos na súa totalidade ou ben porque cada un o interpreta dun xeito diferente. Aquí é onde cobraría sentido o videoencontro.

Seguindo cos debates, gustaríame dicir que sería moito máis dinámico e atractivo gravalos no canto de recoller o audio e transcribir o falado. Ademais, moita máis xente se animaría a velos e a comentar sobre eles (por certo, ningún comentou nos debates). Outro problema que se arranxaría sería o da “non participación”, pois ao ser gravada, a xente veríase case obrigada a participar e perder ese medo. Asimesmo, ningún orador podería vir a botarche en cara que falou máis do que pon no papel; algo que me ocorreu cunha persoa da clase. Claro está que deste xeito controlaríamos tanto nós coma vostede moito mellor o rendemento dos alumnos nos debates.

Algo que tamén melloraría o seguimento dos grupos de traballo sería a obligatoriedade de cada un deles a vir cada dúas semanas ás horas de seminario para poder falar co seu correspondente membro do GBCP. Isto é algo que botei en falta, pois a maioría das veces era eu o que preguntaba por WhatsApp como evolucionaba o seu traballo. Os proxectos terían sido máis completos se eu soubese máis sobre o que estaban facendo detrás dos simples posts e comentarios que eu debía mirar. Mesmo podería servir de nexo entre os membros dos grupos de traballo e máis vostede. Con isto, conseguiríase unha verdadeira comunicación interpersoal e comunitaria, a través do diálogo cara a cara.

Por último, despois de ver as memorias que teñen que facer os GT, pareceríame interesante que eles tamén nos valorasen a nós (algo que non teñen que facer), aos membros do Grupo do Blog Común e Persoal. Sería bo saber se o GBCP deste ano soubemos chegar a eles; se soubemos comunicarnos, realmente, cos membros dos GT; ou mesmo se nos excedemos en certos aspectos (normas de estilo, contidos...). En definitiva, que eles tamén fagan un seguimento do noso traballo.

- López Morcillo, Miguel

En primer lugar falaré del grupo 151.H00 que trabaja con el Grupo Scout Guía Vasco da Ponte de Ferrol. El proyecto lo desarrollan: Aida González Vázquez, David Gómez Castro, Lidia Lareo Vilela y Silvia Iglesias Castiñeira.

En un primer post publicado por David el 16 de Febrero de 2015, el grupo realiza una breve presentación del trabajo y de la asociación con la que van a trabajar. En él nos habla de la importancia del movimiento escultista (movimiento que siguen los scouts) y de la importancia que tienen en todo el mundo. Además adjuntan un video subido por el grupo Scout unos años antes a YouTube, donde se pueden ver alguna de las actividades que realizan de manera cotidiana.

En un segundo post publicado por Aida, se nos indaga un poco más dentro de la asociación y se nos muestra su página de Facebook a través de una foto. Afirman estar expectantes en vista a una visita que van a realizar a la sede de la asociación ese mismo fin de semana. Y se nos explica las posibles actividades que pueden realizar. En esta primera semana no hay ningún dato a destacar en el control semanal, todos publican y comentan y no hay ninguna sanción.

En un tercer post, publicado por Silvia se nos habla de la falta de conocimiento del movimiento scout en nuestro país. Por ello los miembros de este grupo salen a la calle para preguntarle a la gente acerca de este asunto, y publican un video en YouTube. Nos plantean una serie de teorías sobre el porqué del desconocimiento de los scouts.

Más tarde Lidia publica un post centrado en un video, donde podemos ver a Uxía, una de las monitoras de los scouts, mostrando los aspectos fundamentales del escultismo y eliminando los posibles tópicos que hubiera, intentando acercar el movimiento a la sociedad. Además pide la colaboración de los compañeros y propone un hashtag para hablar sobre el tema en Twitter (#topicoscout). En esta segunda semana no hubo ninguna novedad, todos comentaron de forma correcta.

Ya en la tercera semana, el 2 de Marzo, David publica un post donde nos trae un video que ellos mismos elaboran y en el que nos encontramos con los propios niños scouts hablando de lo que le aporta el ser scout en su vida. Se nos habla de todos aquellos valores que aporta al niño y que quizá no reciba en la escuela.

Posteriormente Aida nos trae un post donde publica dos videos en los que se puede apreciar el Certamen de Scouts de Galicia. Nos muestra las actividades que realizan en

este tipo de eventos y el trabajo que hay detrás de ellos. Es una forma de mostrarnos cómo se relacionan los scouts entre ellos. Esta semana tampoco hay sanciones, todos publican y comentan correctamente.

El 10 de Marzo, Silvia publica un post donde nos habla de los orígenes del movimiento scout, cómo y dónde surge y cómo se desarrolla hasta la actualidad. Nos explica cómo el movimiento se expande desde el Reino Unido, la elaboración de sus principales reglas y la comunicación que se establecía entre los primeros scouts.

Lidia Lareo publica posteriormente un post hablando sobre el tratamiento que tienen los scouts en los medios, generalmente para hablar de los accidentes que puedan sufrir. Lidia, nos adjunta un video de YouTube, donde hay una noticia que emite TVE sobre los scouts. Esta semana Aida González no publicó sus comentarios, por lo que se le impuso una sanción que le obligaba a comentar 6 veces en su siguiente turno.

Posteriormente el día 16 de Marzo, David sube un post donde adjunta un video de Uxía, la monitora de un grupo scout, donde nos explica las experiencias de las que disfruto tras acudir a una convención de scouts en Suecia. El día 19, Aida nos presenta un documental sobre las alternativas existentes a la educación convencional.

En la siguiente semana, Silvia publicaba un blog en el que haciendo referencia al último que ella había publicado, sobre los orígenes de los scouts, explicaba los orígenes de los scouts en España, en concreto en Galicia. Posteriormente Lidia publica un post, donde se vuelve a hablar de los tópicos acerca de los scouts. Esta semana Aida González cumplió con su sanción y publicó 6 comentarios.

En la siguiente semana Aida y David nos ofrecen dos nuevos post. La primera habla sobre la World Organization of the Scout Movement, la mayor organización a nivel mundial dentro del escultismo. David nos trae la historia de "Little Ship", una pionera dentro del mundo femenino de los scouts. La semana no trae consigo ninguna sanción.

Finalmente en la última semana, Silvia nos trae un interesante post donde analiza los famosos con pasado scout: John Lennon, Paul McCartney o Keith Richards. Lidia Lareo publica el 17 de Abril el último post, donde realiza una despedida y nos hace saber que no es un adiós, sino un 'hasta luego'.



